



BASES DAS BOLSAS DE ESTUDO PARA O CURSO 2022-2023

BASE 1ª:

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Coirós para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de libros de texto e material escolar obrigatorio, para o curso 2022/2023, como acción de fomento destinada ás familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando estudos de 2º ciclo de educación infantil, ciclos medios (bacharelato, F.P., módulos profesionais), ciclos superiores e outros.

BASE 2ª:

Para financiar as solicitudes presentadas, que reúnan os requisitos esixidos, existe dotación orzamentaria, na partida 2022-231-48101 do vixente Orzamento Xeral de Gastos para 2022.

BASE 3ª:

Poderán solicitar ditas bolsas de estudo aquelas familias, empadroadas no Concello de Coirós, nas que a renda “per cápita” familiar (parella e fillos) anual non supere a cantidade de 11.000€

BASE 4ª:

As bolsas adxudicaranse mediante concurso de méritos, no que se terán en conta os seguintes conceptos:

- a) Capacidade económica familiar.
- b) Número de fillos.
- c) Número de membros da unidade familiar.
- d) Expediente académico
- e) Non ter débeda pendente coa a Facenda Municipal.

BASE 5ª:

Terán preferencia para obter estas bolsas os alumnos/as que se encontren nalgunha das seguintes situacións:

- Familias numerosas
- Familias nas que a persoa principal se atope en situación de desemprego.
- Familias nas que a persoa principal sexa pensionista.
- Orfos absolutos.
- Fillos de pai ou nai: solteiros, divorciados ou separados legalmente ou de feito, para os que a única fonte de ingresos sexan os alimentos ou pensións alimenticias, nos seus respectivos casos.

BASE 6ª:

A efectos de poder percibir axuda económica ao estudo, teranse en conta a renda e patrimonio familiares. Cando a familia desenvolva unha actividade empresarial, profesional, artística, deportiva ou agraria, computaranse os rendementos netos. O baremo de recursos determinarase dividindo os ingresos totais da familia entre o número de membros que a compoñen (parella e fillos).

BASE 7ª:

Os méritos académicos do alumno (cualificacións) teranse en conta nos seguintes casos:

- A igual baremo de recursos, concederase a aquel que teña mellor expediente académico.



- Dentro da mesma familia, concederáselle beca a aqueles fillos que teñan mellor expediente académico.

Como méritos académicos sinálanse:

- Aprobar tódalas materias no mes de xuño.

- Aprobar na convocatoria de setembro.

BASE 8ª:

As solicitudes presentaranse no Centro de Servizos Sociais, en horario habitual de atención ó público. Xunto coa solicitude asinada polo pai/nai ou titor, deberase presentar a seguinte documentación:

1.- D.N.I. do solicitante (pai/nai ou titor).

2.- Fotocopia do libro de familia.

3.- Cuestionario que figura ao dorso da solicitude debidamente cuberto.

4.- Declaración da renda do último exercicio económico.

5.- En caso de alegar separación ou divorcio, fotocopia do convenio regulador e/ou resolución xudicial.

6.- Xustificante de matrícula para o curso académico correspondente, e no seu caso, de ter superado completamente o curso anterior.

7.- Factura/Xustificante do gasto para a adquisición dos libros de texto, na que se farán constar os libros adquiridos, especificando as materias e o curso ó que pertencen. No caso de alumnos que estean ou vaian cursar ciclos medios ou superiores e non puidesen presentar a factura de libros poderán solicitar a beca de transporte que regulará especificamente estes casos na orde da convocatoria. En ningún caso se poderá solicitar as dúas becas.

8.- Tarxeta de demanda de emprego actualizada se existise situación de desemprego.

9.- Fotocopia do Título de Familia Numerosa.

10.- Declaración Responsable de non percibir axudas para o mesmo concepto, no seu caso.

BASE 9ª:

a) Non poderán ser obxecto de beca aqueles alumnos/as que, unha vez solicitada, e cumprindo tódolos requisitos de acceso a ela, estiveran incluídos nas listas de alumnos/as becados pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, ou polo Ministerio de Educación, sempre que estas sexan resoltas con prazo suficiente.

b) A beca será incompatible con outras axudas para o mesmo concepto de calquera outra entidade ou organismo.

BASE 10ª:

A contía máxima da bolsa de estudo, por alumno/a nunca será superior ó importe solicitado, e debidamente xustificado como gasto de libros de texto.

BASE 11ª:

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, concederáse un prazo de dez días hábiles para emendar deficiencias ou a falla de documentación, con indicación de que, si dentro do prazo concedido non se fixera así, terase por desistido da súa petición.



BASE 12ª:

As solicitudes serán avaliadas polos técnicos de Servizos Sociais que terán as seguintes atribucións:

- Avaliación das solicitudes conforme aos criterios de valoración establecidos nestas bases.
- Petición dos informes que se estimen necesarios para unha mellor resolución.
- Formulación da proposta de resolución á Alcaldía-Presidencia do concello, na que se incluírán dúas relacións separadas, unha primeira cos aspirantes subvencionados, e unha segunda, cos aspirantes de solicitudes denegadas, especificando as causas de denegación, concedéndoselles un prazo de dez días para alegacións.

A resolución definitiva será ditada pola Alcaldía-Presidencia unha vez examinadas as alegacións.

BASE 12ª:

Estas bases serán expostas ó público xuntamente co orzamento municipal.

BASE 13ª:

Estas bases serán de aplicación para tódolos cursos académicos posteriores, mentres non sexan modificadas ou substituídas por outras.